

**A/A SECCIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

(Avenida María Victoria Moreno, 43, 4º andar - 36071 - Pontevedra)

ASUNTO: Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental (EIA), ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e da declaración de utilidade pública das instalacións do P.E. Edreira I (expediente IN661A 2011/15-4) e P.E. Ampliación Edreira I (expediente IN408A 2020/168), localizados no concello de A Lama (provincia de Pontevedra).

Don/Dona _____ con DNI/NIE número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Acordo do 12 de agosto de 2024, da Dirección Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, as declaracións de utilidade pública, en concreto, as necesidades de urxente ocupación dos terreos afectados polas ditas declaracións, as solicitudes de autorización administrativa de construción, relativas ás instalacións dos parques eólicos Edreira I (expediente IN661A 2011/15-4) e ampliación Edreira I (expediente IN408A 2020/168), e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto dos parques eólicos Edreira I (expediente IN661A 2011/15-4) e ampliación Edreira I (expediente IN408A 2020/168), ambos sitios no concello da Lama (publicado no [DOG n.º 175 do 11/09/2024](#)); preséntanse as seguintes alegacións:

1. Os aeroxeradores e infraestruturas asociadas afectarán a diferentes montes veciñais das CMVMC de A Lama repercutindo negativamente sobre o aproveitamento dos mesmos (sobre todo forestal).

A CMVMC Antas veríase afectada polos aeroxeradores A-ED1, vieiros e gabias, así como pola plataforma do aeroxerador ED2. A CMVMC Xende veríase afectada polo ED1, o centro de seccionamento, gabias e vieiros. A CMVMC Seixido veríase afectada polos aeroxeradores A-ED4 e A-ED3, así como polas gabias e vieiros. A CMVMC Xesta afectaríalle o aeroxerador A-ED2, gabias e vieiros. Así mesmo, a liña de evacuación afectaría a CMVMC de Xende e Xesta.

2. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG), polo que se rexen os proxectos eólicos, non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE), polo que incumpre a lexislación ambiental española e europea.

A norma estatal, Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medio ambiente. A falta de sometemento do PSEG á avaliación ambiental estratéxica implica o incumprimento de normas europeas: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE.

3. A ferramenta de Zonificación ambiental para enerxías renovables do MITERD establece que os parques eólicos proxéctanse sobre unha zona de máxima sensibilidade ambiental.

Os aeroxeradores A-ED2, ED1 e ED2 sitúanse sobre zonas de máxima sensibilidade, onde non se recomenda instalar parques eólicos. Os aeroxeradores A-ED1 e A-ED3 sobre zonas moderadas e o aeroxerador A-ED4 sobre unha zona de baixa sensibilidade.

4. A instalación dos parques eólicos repercute negativamente sobre os usos actuais do terreo e provoca limitacións sobre o aproveitamento dos mesmos.

As instalacións dos parques eólicos provocarán unha modificación do planeamento urbanístico vixente no concello. As áreas delimitadas polo proxecto pasarán a ser cualificadas coma solo rústico de protección de infraestruturas (SREPI). Isto supón unha restrición nos usos destes terreos, o que provoca unha perda de dereitos e un aumento de deberes para as persoas propietarias.

5. A localización dos aeroxeradores incumpre a distancia mínima de 500 m para os núcleos de poboación.

O P.E. Edreira I e o P.E. Ampliación Edreira I réxense por unha lei antiga (nun contexto no que os aeroxeradores non alcanzaban as alturas dos actuais) que establece un mínimo de distancia de 500 metros entre os aeroxeradores e os núcleos de poboación máis próximos. Dous aeroxeradores (ED2 e A-ED2) incumpren esta distancia de protección (medida dende a punta da pa dos aeroxeradores), afectando a delimitación de solo de núcleo rural (SNR) denominada "Outeiro – Xesta – Barreiros - Aredo" onde residen 121 veciños no ano 2023 (IGE, 2024).

6. Tódolos aeroxeradores incumpren a distancia que establece a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, na que se sinala que os eólicos deben estar separados das vivendas nunha relación de altura: (buxa+pa)x5

Se temos en conta que a altura total dos aeroxeradores é de 180 m (contando a lonxitude da pa e da buxa), segundo a nova norma a distancia mínima debería ser de 900 m aos núcleos de poboación. Porén, considérase un agravio comparativo posto que estes proxectos se atopan sometidos a trámite e a súa construción aínda non se iniciou, existindo a posibilidade de evitar que se incumpra a nova lei. Así, tódolos aeroxeradores atópanse a unha distancia inferior á nova distancia esixida pola lei, afectando ás delimitacións de solo de núcleo rural do concello de A Lama: "Cendón", "Gaiola", "Casavella", "Carreiro - Pumar", "Canceleira", "Outeiro – Xesta – Barreiros - Aredo", "Liñares" e "Faga do Muiño - Xende", afectando a 353 veciños (2023) (IGE).

7. A propia promotora reconece que a tramitación do P.E. Edreira I e o P.E. Ampliación Edreira I se realiza de xeito fraccionado, así como a das liñas de evacuación.

O EslA reconece que as instalacións dos parques eólicos conforman un só proxecto. Están dispostos no espazo de forma continua e comparten: centro de seccionamento, liñas de evacuación (obxecto doutros expedientes diferentes aos PP.EE), gabias e viais. Aínda que foi presentado un único EslA conxunto dos PP.EE., a DIA (Declaración de Impacto Ambiental) será formulada para cada P.E., ao ser realmente expedientes diferentes, podendo obter resultados diferentes (un favorable e outro desfavorable). Do mesmo xeito que a consulta ás administracións públicas afectadas se realiza de

xeito separado, polo que deben emitir un informe sectorial para cada un dos proxectos. A tramitación administrativa realízase de xeito separado e independente, impedindo que na realidade se avalien de xeito correcto.

Na mesma liña, segundo as normas do sector eléctrico (Lei 54/1997 e Lei 24/2013), unha instalación de produción de enerxía eléctrica (parque eólico) está constituída tamén polas infraestruturas de evacuación de enerxía, que inclúen a conexión coa rede de transporte e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica. Deste xeito poderase avaliar de forma completa e correcta tódolos potenciais impactos das instalacións sobre a fauna, flora, paisaxe e saúde pública, entre outros factores. Neste caso, os parques eólicos Edreira I e Ampliación Edreira I tramítanse de xeito separado das liñas de evacuación necesarias, incumprindo a normativa eléctrica.

8. Os parques eólicos Edreira I, Ampliación Edreira I e Coto de Eiras estanse a tramitar de xeito indebido cando comparten infraestruturas comúns (centro de seccionamento, subestación, liñas eléctricas de evacuación) e instalacións auxiliares (gabias, viais).

Os PP.EE. Edreira I, Ampliación Edreira I, Coto de Eiras e as infraestruturas de evacuación estanse tramitando de xeito irregular mediante expedientes administrativos independentes cando o seu funcionamento é interdependente, e son promovidos polo mesmo grupo empresarial. A tramitación ambiental mediante 5 expedientes administrativos (IN661A 2011/15-4, IN408A 2020/168, IN408A 2022/015, IN661A 2011/16-4, IN408A 2022/014) impide avaliar correctamente tódolos impactos xerados polo macroproxecto eólico. Isto deriva dunha información pública fragmentada de cara a cidadanía e outras administracións públicas.

9. Os parques eólicos Edreira I, Ampliación Edreira I e Coto de Eiras producen 73,20 MW (> 50 MW) polo que deberíanse tramitar vía estatal e non vía autonómica.

Os PP.EE. Edreira I, Ampliación Edreira I e Coto de Eiras están sendo tramitados como proxectos independentes entre eles, e independentes das infraestruturas de evacuación que son comúns. A súa potencia total é de 73,20 MW, polo que de acordo ao *Real Decreto 413/2014, de 6 de junio, por el que se regula la actividad de producción de energía eléctrica a partir de fuentes de energía renovables, cogeneración y residuos* estas instalacións deberíanse tramitar mediante a Administración Xeral do Estado e non a través da Administración Autonómica, ao superaren os 50 MW de potencia total.

10. Menosprézase o impacto paisaxístico e o impacto na biodiversidade da zona, especialmente sobre a Serra do Suído (clasificado como Área de Especial Interese Paisaxístico e proposta como Rede Natura 2000).

A transformación dunha paisaxe rural nunha paisaxe industrial reducirá os valores paisaxísticos da comarca cuxa singularidade provén do aproveitamento agrícola, gandeiro e forestal nunha contorna caracterizada polas áreas montañosas. A execución dos parques eólicos e a liña de evacuación implicarían cambios na paisaxe que alterarían tamén os valores da Serra do Suído, sen que tales efectos poidan mitigarse con ningún tipo de medida correctora. Así mesmo, resulta relevante a afección visual e paisaxística ao Santuario de Nosa Señora das Ermidas cunha alta

afluencia de visitantes (potenciais observadores) que se multiplican na celebración da romaría; e ao núcleo de A Canceleira rodeado polo val de bosque autóctono.

Os aeroxeradores supoñen unha barreira para aves e morcegos, os cales se desorientan, se ven obrigados a realizar sobreesforzos para bordear estas infraestruturas e ao mesmo tempo son vítimas de impactos coas pas. A localización dos aeroxeradores nos cumios e a proximidade da Serra do Suido, e incluso da Serra do Cando, e os desprazamentos destes, incrementan o risco de afección. Preocupando sobre todo os voitres e outras aves rapaces.

11. Os aeroxeradores ED2 (P.E. Edreira I) e AED2 (P.E. Ampliación Edreira I) incumpren as determinacións das Directrices de Paisaxe de Galicia sobre afloramentos rochosos.

O EslA destes proxectos eólicos considera "compatible" o impacto sobre os afloramentos rochosos, valorándoo como "moderado". A execución dos aeroxeradores pode provocar danos irreversibles sobre os afloramentos rochosos, a destrución destes é un impacto severo e irreversible. Incúmprense as determinacións de conservación dos afloramentos establecidas por Directrices de Paisaxe de Galicia.

12. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e, nalgúns casos, cunha metodoloxía inapropiada.

O Estudo de Impacto Ambiental debe contar con estudos específicos completos e con criterios actualmente consagrados. Observándose as seguintes deficiencias:

- O exame das alternativas realízase de xeito incorrecto.
- Ausencia dunha prospección intensiva para comprobar a existencia de xacementos arqueolóxicos non catalogados.
- Non se analizou a potencial afección sobre as captacións de auga para abastecemento humano, nin se identifican nin se avalían.
- Non se inclúe o P.E. Carballoso e o P.E. Hedreira no Anexo de Sinerxías.
- Non se achegaron copias dos informes desfavorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitidos o 6/08/2021 sobre os deseños dos parques eólicos.
- Ausencia de proxección dunha torre meteorolóxica. Non se informa de como se van a recompilar os datos meteorolóxicos necesarios para cumprir coas determinacións habituais da DIA, por exemplo, sobre a protección aos morcegos.

En virtude de todo o exposto, **SOLICITA:**

A non construción dos parques eólicos Edreira I e Ampliación Edreira I, en base ao rexeitamento do EslA, das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e da declaración de utilidade pública das instalacións do P.E. Edreira I (expediente IN661A 2011/15-4) e P.E. Ampliación Edreira I (expediente IN408A 2020/168).

En _____, a _____ de outubro do 2024.

Asdo. _____